

COMERCIO LOCAL
A PRODUÇÃO ECOLÓGICA
@S ARTES@NS

O mais preto de nós



O COMERCIO LOCAL

Por que comercio local?

Favorecemos a economía dos máis próximos a nós.

Menos intermediari@s: os cartos quedan no noso entorno. Máis barato para o consumidor@. Mellor relación calidade-prezo. Compras de máis calidade. Desenvolvemento sostible. Beneficiámonos tod@s. Axudamos @s agricultor@s locais. Témoslo preto, coñecemos, sabemos do seu traballo e da manipulación empregada. Recuperamos os vínculos do consumidor@ coa terra e as persoas que nela traballan. Axudamos a manter as tradicións. Podemos falar co labreg@, aprendemos.

Os produtos locais son máis frescos. Comemos produtos de tempada

Non hai que transportalos longas distancias, chegan a nós recién colectados, non hai que mantelos artificialmente mentres que chegan a nós, son produtos que están no seu momento óptimo de maduración, son máis gustosos e con propiedades nutricionais óptimas. Duran máis tempo na casa, hai menos estragos.

Evitamos contaminacións inútiles, favorecemos o noso entorno, non contribuímos ao cambio climático.

Canto máis lonxana é a produción, máis transporte, máis emisións de gases contaminantes, maior contribución ao cambio climático. Tamén reducimos as embalaxes: non están envasados. Reducimos lixo, non rexeitamos os produtos pola súa presenza. Compramos cantidades máis axeitadas ao noso consumo real, compramos aquilo que precisamos e queremos, non o que nos obrigue as modas e os oligopolios da alimentación

Conservamos a paisaxe da comarca. Favorecemos a biodiversidade.

A agricultura biolóxica ou ecolóxica axuda ao mantemento de paisaxes variados, á conservación de variedades e formas autóctonas Axudamos a manter variedades de froitas e hortalizas locais, que non desaparezan, mantemos a biodiversidade

Quen produce, quen vende, onde conseguilos na nosa comarca:



ITACA

Rúa Otero Pedrayo 4. baixo
32630. Xinzo de Limia. Tf 617122397
CAFETERÍA, TENDA DE ALIMENTACIÓN
DE PRODUTOS ECOLÓXICOS E
ARTESÁNS



A TENDA DO OURIZO

Avda. Ourense 42
32630. Xinzo de Limia. Tf. 653075064
PRODUTOS ECOLÓXICOS E ARTESÁNS: PAN, CONSERVAS,
FROITA, VERDURA, QUEIXOS, BEBIDAS



MARMELADAS CARABUÑAS

Lugar de Sanguñado s/n
32650. Vilar de Sanrtos
Tf 672014380 - 666931276



DESTILERÍA ALICORNIO

32631. Sarreaus. Tf 629590317
DESTILERÍA-LICORERÍA: ELABORACIÓN ARTESANAL
DE LICORES ECOLÓXICOS E AUGARDENTES
AROMATIZADOS PARA COCTELETRÍA



ASOCIACIÓN O GRELO VERDE

Rúa Maior. 35. baixo
32600 Verin . Tf. 659499570
GRUPO DE CONSUMO



ECOLEIA

Torneiros 1
32660. Allariz . Tf 988441175
<http://www.ecoleia.com>
GRANXA ADICADA Á PRODUCCIÓN DE
LEITE ECOLÓXICO



ECOTIENDA EL ACEBO

Avda. Ourense 98
32630. Xinzo de Limia. Tf. 988462620
HERBORISTERÍA E ALIMENTACIÓN.



DAIQUI

32652. Rairiz de Veiga
Tf 988302171 _ 637583082
<http://WWW.daiqui.com>
PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN
ECOLÓXICA:
FROITAS, VERDURAS E
HORTALIZAS; LEGUMES,
CEREAIS, PASTAS, MEL .

FRUTERÍA MARCIAL

Avda. de Madrid 21
32630. Xinzo de Limia.
Tf 988460582 - 678347514
FROITAS, HORTALIZAS E
VERDURAS



LOIS GONZÁLEZ

32666. Coedo . Allariz
Tf 656829432
[Facebook.com/oregocoedo](https://www.facebook.com/oregocoedo)
PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN DE
CARNE DE TENREIRA ECOLÓXICA
E CARNE DE BOI CRIADO DE
FORMA TRADICIONAL . MEL

FARAGULLAS

Mosqueiro s/n
Vilar de Santos. Tf. 608809586
g.carme@hotmail.es
FORNO TRADICIONAL


XAN BARREIRO XARDÓN

32634. Covelas. Os Blancos
Tf 667386828
PRODUCCIÓN ECOLÓXICA DE
VERDURAS E HORTALIZAS



TERRA DE BARONCELI

Rúa Maior 30 .
32600. Verin.
Tf 988410872 - 699897339
<http://www.terradebaronceli.com>
ELABORACIÓN DE MARMELADAS,
PATÉS DE PEMENTOS ASADOS E
COGUMELOS ...



QUEIXOS O REXO

Requeixo de Valverde s/n
32660 Allariz tf. 608809586
QUEIXO DE OVELLA

NA PRAZA DOS OVOS

Praza dos ovos
32630. Xinzo de Limia.
FEIRAS QUINCENAS 14 E 27 DE CADA
MES OVOS, HORTALIZAS, VERDURAS,
FROITOS DE TEMPADA, RENOVOS
PARA HORTAS POSTOS DE
PEQUEN@S AGRICULTOR@A QUE
TRABALLAN NA HORTA DE XEITO
TRADICIONAL

A produción ecolóxica

- **Son produtos saudables.** Libres de residuos tóxicos persistentes: pesticidas, antibióticos, fertilizantes sintéticos...
- **Non conteñen aditivos de síntese.** Equilibrados e ricos en nutrientes.
- **Sen organismos xenéticamente modificados.** Conservación da variedade xenética natural
- **Son sostibles co medio ambiente.** Respectan a fauna local
- **Teñen os máximos niveis de calidade.** Sistema de produción da máxima fiabilidade, suxeita a súa trazabilidade ao Regulamento Europeo 2092/91
- **Respectuosos co benestar animal.** Regulamento con medidas específicas para a gandería ecolóxica.
- **Respectuosos coa natureza.** Fertiliza a terra, frea a desertificación, favorece a retención da auga, non contamina os acuíferos, mantén os hábitats dos animais silvestres, respecta os ciclos naturais dos cultivos.
- **Son máis gostosos.** Consúmense preto do nivel máximo de maduración

Organiza:



Subvenciona



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE

Colaboran

